

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Xesús “Chichi” Campos do 12/03/1974

Colección:

Data: 12/03/1974

De:

Luís Seoane;

Para:

Xesús “Chichi” Campos;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

A Coruña (municipal), A Coruña (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Artes; Artes visuais; Gravados de Gilles de Rais;

Mencionados:

Xoana de Arco; Xosé Díaz; Laxeiro; José Luís López Vázquez; Maruxa Seoane;

Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Xesús “Chichi” Campos do 12/03/1974

Buenos Aires, 12 de Marzo de 1974

A Xesús Campos
A Cruña

Querido amigo:

Recibín a sua do 2/2 coas noticias da Galería que abriron, “Mestre Mateo”. Agradézollas moito e dispóñome a colaborar con vostedes no que poida. Parecéume moi ben que a teñan inaugurado con Laxeiro, un dos pintores mais inquedos da Galicia de hoxe a pesares da idade, e menos comprendido de algúns, os que mercaban e gostaban soio dos seus cadros mais amábeles. Tamén penso que é

importante facer mostras de artistas de fora de España e do resto da península. Téñense que por acordo con algunha galería de Portugal, Oporto ou Lisboa, que ten xente moza moi boa. Penso que a metade das esposicións teñen de sere de galegos que mostren inquedanza na súa obra. Eu, tan pronto poida, remitiréilles unha tamén de grabados, cecáis pro xulio ou agosto, refírome ó envío. Agora estou a facer un álbum pra unha editorial de álbumes de grabados de San Paulo, en Brasil, que teño de entregar en Maio, titúlase Gilles de Rais, trátase, como sabedes, do cabaleiro, sádico e criminal, que loitou xunto a Xoana de Arco no primeiro tercio do século XV.

Pondreivos en contacto con un grupo de grabadores de eiquí que agoran viaxan expoñendo por América, pero que voltarán nos derradeiros días deste mes, "Gravas", paréceme o grupo mozo mais importante.

Con lembranzas e saúdos de Maruja e meus pra todos os amigos comúns, pra López Vázquez, Xosé, a quen lle debo carta, con lembranzas garimosas pra Anciñas, reciba unha forte aperta de:

[Seoane]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.